

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

1085 *Real decreto 41/2010, do 15 de xaneiro, polo que se modifica o Estatuto da entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado, aprobado polo Real decreto 2069/1999, do 30 de decembro.*

Dentro do proceso de incorporación ao dereito español da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, precísase dunha adecuación de toda a normativa reguladora do acceso ás actividades de servizos e do seu exercicio aos principios da directiva.

Este marco require a adecuación da normativa regulamentaria á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, polo que se debe proceder á modificación daquelas normas que, regulando materias propias do sector do xogo, se poidan encontrar afectadas por este proceso de adaptación á nova normativa.

O Real decreto 2069/1999, do 30 decembro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado, modificado polo Real decreto 1029/2007, do 20 de xullo, establecía no seu artigo 5.1 como competencia exclusiva de Lotarías e Apostas do Estado a autorización, entre outras actividades, da organización e realización das combinacións aleatorias, incluídas dentro destas as promocionais ou con fins publicitarios, mesmo cando sexan gratuítas, e sempre que o seu ámbito de desenvolvemento exceda unha concreta comunidade autónoma.

A necesidade de autorización previa para este tipo de actividade comercial pode supor a vulneración do espírito da directiva antes citada, circunstancia esta que fai precisa a súa modificación. Así, a disposición adicional primeira da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, introduce a supresión do réxime de autorización para a organización, realización e desenvolvemento de combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais sempre que a participación nelas sexa gratuíta e, en ningún caso, exista sobreprezo ou tarificación adicional ningunha calquera que for o procedemento ou sistema a través do cal se realicen. Porén, e co fin de conseguir un correcto deslindamento das distintas actividades de xogo en que o azar é parte integrante, engádese un artigo 5 bis no Estatuto da entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado que establece que se deberá formular comunicación individualizada á entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado das actividades descritas no punto anterior por cada actividade concreta que se pretenda desenvolver e con carácter previo á súa realización, co fin de comprobar a correcta cualificación da actividade que se vaia realizar.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda e da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de xaneiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Estatuto da entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado, aprobado polo Real decreto 2069/1999, do 30 de decembro.*

Engádese un artigo 5 bis ao Estatuto da entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado, aprobado polo Real decreto 2069/1999, do 30 de decembro:

«Artigo 5 bis. *Combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais.*

1. Non se exixirá a autorización administrativa previa para a organización, realización e desenvolvemento de combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais, calquera que sexa a fórmula de lotarías ou xogos promocionais que

revistan, incluídas as establecidas no artigo 20 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, sempre que a participación do público nestas actividades sexa gratuíta e en ningún caso exista sobreprezo ou tarificación adicional ningunha, calquera que for o procedemento ou sistema a través do cal se realice.

2. Porén, en relación coas actividades mencionadas no número anterior, o seu promotor deberá formular comunicación individualizada por cada actividade concreta que se pretenda desenvolver, con carácter previo á súa realización. Esta comunicación realizarase de acordo co modelo de comunicación que se xunta como anexo.

A comunicación producirá efectos desde o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teña atribuídas o organismo administrativo competente.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato manifestado na comunicación previa, así como a súa non presentación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades que procederen.

3. A entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado poderá actualizar o modelo de comunicación previa, o cal estará dispoñible na páxina web da citada entidade para a súa presentación por vía electrónica.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de xaneiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO

COMUNICACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE COMBINACIÓN ALEATORIA CON FINS PUBLICITARIOS OU PROMOCIONAIS

Para efectos de dar cumprimento á obriga establecida no artigo 5 bis.2 do Estatuto da entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado, aprobado polo Real decreto 2069/1999, do 30 de decembro, poño en coñecemento da entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado os seguintes termos relativos á combinación aleatoria con fins publicitarios ou promocionais que se pretende desenvolver:

Entidade que realiza a promoción publicitaria.		CIF/NIF
Domicilio fiscal		Telf. contacto
Denominación da promoción		
Período promocional. Inicio:		Fin:
Ámbito territorial da promoción		Valor do premio ofrecido
Ámbito subxectivo da promoción: público ao que vai dirixido		
Data do sorteo	Modalidade do sorteo	
Mecánica da promoción: descrición da forma de participación na promoción		
Utilización medios telemáticos: <input type="checkbox"/>		Utilización medios tradicionais: <input type="checkbox"/>
Descrición:		

Esta comunicación producirá efectos desde o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que poida realizar o órgano administrativo competente.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato manifestado nesta comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan.

.....,de.....de.....

Sinatura